

# GALIZA SEMPRE DEFRAUDADA

Perante a necesidade de proceder a un troque das revéllidas prácticas educativas da escola española i-en procura de salmar o continuo clamor de mestres educadores e demais círculos culturales do noso país pra que as mesmas sexan axeitadas ás modernas técnicas pedagógicas ó uso en todos os países adiantados e progresistas do mundo, as autoridades dista materia hachanxe adicadas a reformar as leis e disposiciones que regulan a política educativa peninsular.

A iste respecto compre pór de releu que unha das principais premisas aconselladas polos técnicos da Unesco na disciplina educativa, refírese ó emprego dos idiomas vernáculos como instrumento indispensabel pra que a instrucción que se imparte sexa doadamente asimilada e teña de tal xeito propositos resultados en países onde existe unha povoación diferenciada da cultura oficial.

Mais velahi onde lle doi! O ministro de Educación e Cencia de Madrid, parellamente coa sua dependencia a Dirección Xeral do Ensino Primario, dirixido, cando non, por un galego servilizado o Sr. Uxío López e López, quixerá satisfacer, inda que máis non fora que en mínima parte os xustos reclamos dos nosos educadores pero... tales reclamos son incompatibles, millor dito están en aberta oposición coa teima secular do centralismo castelanizante cal é a de querer uniformar culturalmente a todos os povos diferenciados do conxunto peninsular superpondoles como propia unha cultura allea que remata por mutilar psínicamente ó educando xermolán-dolle traumas dos que moitas veces non se logra liberar endexamais. Tal é o espírito da nova lei de educación aprobada polos organismos oficiais do governo centralista que permite se enseñe o idioma galego nas escolas de párvulos da nosa Terra onde prácticamente non existen co cal trócase totalmente inoperante a nova disposición.

Con tan liberal e xenerosa comprensión xa coidan os círculos educacionais do centralismo meseteiro haber resolto o problema o ter conquero unha doada conciliación entre os xustos reclamos de Galiza a prol das necesidades do seu alumnado e a contumace política assimilista da España de sequeiro. Non, señores, non. O estado de secular atraso, abandono e desarrollxo en que se atopa a escola galega non se resolve con unha concesión de fariseíco e fachendoso paternalismo que somentes ós parvos e ós minguados pode conformar. Non, o problema educacional galego somentes ten que se arrombar procedendo a un troque total dos seus límites e xeitos de capacitación escolar; con pleas adaptación ás técnicas da pedagogía moderna que aconsella como único procedemento axeitado pra culturizar a un povo a total identificación co "mundo" en que iste se desenvolve percurando a exacta vaivöa de todos os atributos e sustantividades da sua cultura autóctona: idioma, xeografía, historia, flora, fauna; todo canto configura a sua fasquia diferencial.

Mais tal "aggiornamento" estructural da política educativa do estado centralista español sería utópico, millor dito necio poder agardarla do réxime de sometimento colonial en que a nosa terra xace premida; os direitos dos povos escravizados soio son reconecidos na medida en que sexan capaces de se ceifar do xugo escravizador e o problema do desenrollo que reclama a cultura popular galega, como todalas demás eivas seculares que aqueixan ó noso país e lle non deixan acadar o progreso i-evolución a que ten lexitimo direito; non se arranjan con mengoadas concesións que se lle poidan acordar dende a Capital do centralismo tobo da reacción peninsular. A solución está en nos mesmos, posto que somos un povo con capacidades, pulo e intelixencia mais que dabondo como pra acometer as meirandes empresas tal como ten que ser a de redimir a Galiza do colonialismo español e anovar plenamente todos os seus anacrónicos e revellidos estamentos estructurales. Nada compre agardar de ninguén, soio os povos domeados, sen azos, esmorecentes, coidan poder emanciparse con fórmulas de máxica e allea procedencia. Galiza ten todo canto lle é mester pro ser un grandeiro país como Bélgica, Holanda, Dinamarca... Somente lle falta acadar unha cabal concencia da sua problemática nacional e pra o lograr ten que percurar trocar de xeito total a sua aitude mental tocante á realidade en que se atopa mergullada por un provincialismo marxinado que ademáis de zugar todalas fontes da sua enerxía vital xermola na psique do seu povo un deprimente e magante excentricismo.

A nova ley de educación, é a reiteración da secular e permanente defraudación que se lle fai á nosa terra pola acción do centralismo asovallador; temos que deixar dunha vez pra sempre de seguir petando humildemente ás portas dos Ministerios, pra que nos concedan de favor o que se nos debe de direito; ademáis do elemental senso práctico que amostra a inutilidade de tais aitudes, fagámolo por amor á nosa patria e por dinidate de galegos que se non resignan a vivir de prestado e queren cumplir a manda histórica que o sangue dos mártires que souperon morrer polo recoñecimento dos direitos e liberdades que reclama Galiza nos está de cote sinalando.

A LIBERTADE NON SE LOGRA  
CON PREGOS, SENON CON LOITA,  
CON SAGREFIZOS, CON SANGUE...

# A NOSA TERRA

ANO LII

Buenos Aires, Setembro de 1970

Nº 514

## GALEGUÍSMO E SINDICALISMO

Cal terá de ser o réxime de goberno a instaurar na nosa Terra despois da caída irremediable a mais curto ou longo prazo da actual dictadura teocrática militar que a tiraniza?

Terá que pasar unha tempada de anarquía como moitas veces acontece logo dun alongado sistema despótico ata que se produza a necesaria decadación das ideas e o libre xogo das actividades políticas posibilita un goberno de siso democrático como é deseñable con dabondo alicerce popular que lle asegure pervivencia e continuidade?

Despois de mais de trinta anos de exercer tiranicamente o poder, unha das secuencias más negativas da dictadura franquista é a que remanece do valeiro de opinión política da masa popular, que a falta de exercicio dos direitos ciudadanos trai aparellado, sin as libertades básicas esenciais de verba, prensa, reunión, etc.; sometido á arbitriação dun partido único legalmente recocescido e baixo o imperio dun réxime barbaramente represivo a punto tal que sustentar calquier idea ou creencia opositora constitui grave delito; resulta entelamente lóxico e nor-

mal que o grosso da povoación galega non teña formada unha crara concencia da situación político-institucional en que se atopa mergullada e non sexa capaz de alviscar doadamente por que roteiros ten que se procurar a saída axeitada.

Non faltan certamente en Galiza setores ampliamente capacitados no quefacer político que pensan, que sinten e viven a sua problemática e coñescen moi ben de onde xurdén as suas dificultades e como compre atuar en procura de les atopar arraudo. Pero por ser tais setores notoriamente minoritarios faise tamén mester que o povo participe diso coñecimento pra que ele sexa direito protagonista da tarefa de artellar institucións de goberno axeitadas á realidade do noso país pra que ó mesmo tempo de asegurar o éxito na solución de problemas seculares, acadan proxección de futuro e polo tanto asegúranlle o seu progreso i-evolución.

O povo galego debe estar preparado pra os prometedeiros intentos que se avician aproveitando a esperanza histórica pra non cair novamente en erros reiterados que tanto perxucio lle teñen

### A CÁMARA DE SENADORES DO URUGUAY SOLIDARIZASE CON MENDEZ FERRÍN

Co gallo do inxustificado encarceramento do escritor galego Xosé Mendez Ferrín, na Cámara de Senadores do Uruguai tratouse o caso, pondo de releu os seus oradores a falla de liberdade existente no Estado feixista hispano e o total refugo á cultura galega.

Coidando de importancia que o texto publicado no Boletín Oficial chegue a coñecimento dos homes de Galiza, decidimos dárelle publicidade.

### 39<sup>a</sup> SECCION ORDINARIA-ESTRORDINARIA

Carta xeira ordinaria XL Léxislatura  
Preside o señor Zelmar Michelini

Señora Roballo- Señor Presidente... Fai un tempo coñecín no Uruguai a un gran galego, Mendez Ferrín, novelista, poeta, cadeirádego de filoxenia romá en Santiago de Compostela e de literatura en Vigo...

Na cidade de Montevideo deu importantes conferencias e entrou en contacto con algúns circos intelectuais desta capital deixándonos unha lembranza inesquecible.

De volta a Galiza foi posto en cadea.

Nese entón, ocupámonos no Senado da crítica situación deste intelectual galego coa esperanza de que a nosa voz incidira na sua liberdade.

Mais agora, pola prensa enteñímanos de que novamente foi detido e se lle condena a dous anos de cadea... O seu delito perez que se debe a que nun cacheo policial efectuado na sua casa lle aotparon o manuscrito dun libro que coidamos será trascendente como todas as suas obras.

Nun país onde a censura está disposta, non pode ser delito un libro que non foi ó prelo, xa que teria de pasar pola censura ó sere editado...

Denantes, señor Presidente, fátabamos destas cousas con arrullo. Hespaña nos parecía o fin do mundo... e dende o noso país onde non coñecemos censura, erguemos a nosa voz, e o faguemos homildemente, degorando que ela chegue, que sexa auyda...

Mendez Ferrín é un ser admirável, un gran intelectual. A sua obra é do más representativo da cultura galega. En canto ó seu delito fronte o Estado fran-

quista, non é máis que un delito de opinión...

Se a nosa voz chega, vai coela o apoio á cultura galega, e mesmo os nosos más acesos de sexos a prol da liberdade deséntrelo, deseñento, deseñento, deseñento.

E todo canto quería manifestar.

SEÑOR PRESIDENTE (Macheleni) A "Mesa" deixa espresa constancia de que se solidariza plenamente coas verbas pronunciadas pola señora senadora Roballo. Inda que non coñezco persoalmente ó escritor Méndez Ferrín. Sei da súa obra, dos seus valores e da súa loita, así como tamén o profundo amor que sinte pola liberdade.

Non sei se a señora senadora desexa formular algún trámite especial. SENORA ROBALLO - ¿Que trámite lle imos formular, señor Presidente? Pregaria, iso sí, que a prensa sexa xenerosa e recolla as inquietanzas que se teñen verouido eiquí.

SEÑOR HIERRO GAMBARDELLA - Que fique rexistrado, tamén, a solidaridade dos senadores que pensamos de mesmo xeito, non somentes polos valores intelectuais do señor Méndez Ferrín a que se ten referido a señora senadora, que tamén, a nosa protesta polo acto coercitivo das liberdades que o goberno hispano ten apricado encol da sua persoa.

SEÑOR RODRIGUEZ CAMUSO Me permite, señor Presidente?

SEÑOR PRESIDENTE - (Micheleni) Ten a verba, señor señor.

SEÑOR RODRIGUEZ CAMUSO - E pra deixar espresa constancia da nosa plea solidaridade co prantexamento formulado pola señora senadora Roballo.

Vaia pois, a nosa comprensión e solidaridade espiritoal pra

causado á nosa Patria un dos maiores da nosa historia no noso medio de partidos políticos e institucións representativas dos poderes centralistas. Taí situación xa non voltará a ser aceptada baixo ningún pretesto nin circunstancia. Galiza é unha auténtica nacionalidade e como tal teñen que xurdir do seu seo as suas propias institucións representativas e os poderes de goberno que precise; o contrario sera a aceptar como lexitimos os instrumentos de que se val un poder alleo colonialista.

Nas situais circunstancias en que se atopa a cidadanía da nosa Terra compre non embargantes reparar en que existe un setor galego con aceptable concencia política e con poder dabo do coherente como pra se constituir en base de sustentación indispensabel de calquier artellamento institucional tal é o dos sindicatos obreiros e demais asociacións representativas das forzas laborais. As más puras esencias da nacionalidade galega estiveron i-están vivas e latentes no seo do povo traballador: labrego, mariñeiro, obreiro, artesán, etc.; sin elas Galiza non tería en absoluto salvación posible. A esperanza secular amóstranos sin ningunha clás de dúbida que nada se ten que facer para que se alcance un permanente estado de traxión coa nosa Patria, e culo cacarexado "aggiornamento" e pura especulación intresada; nin da pequena burguesía e clás media remedadora, alleira, comeneciada. A entrenabel, a verdadeira, a Galiza perdurable atopase presente no povo traballador que pra subsistir ten que alternar as tarefas do mar, do obradoiro, etc., coas da labranza ou de nou acopiar a probeza ou enfilar os rotos da expatriación forzada

Unha das tarefas mais urgentes e patrióticas a desenrolar por todos cantos ancién unha Galiza redimida ten de ser a de levar ó ánimo dos nosos traballadores a convicción de que as suas legítimas reivindicacións socioeconómicas somentes poden ser posibéis nunha comunidade nacional liberada de todo tutelaxe colonialista; sindicalismo e galleguismo na sua más xenuina concepción filosófica deben ser sinónimos pra comprender que toda corrente presuntamente reivindicatoria "importada" leva implícita a intención dun novo sometimento como sería o de trocar o signo da tiranía sin destruír a mesma tiranía, ningún dos moitos problemas que affixen á nosa Terra podera ser començemente resolto sin a participación activa e máis direita posibel das forzas productivas; a única democracia certamente efectiva, é aquela que se asenta nas masas populares pra ser instrumento das suas lexitimas aspiracións.

Dende logo que non nos podemos facer ilusións de que tan outas aspiracións sexan doado de acadar. Ningún direito, ninguna liberdade popular se consigue pola gracia do opresor senón pola rexedume das demandas do oprimido e a primeira condición que compre ter pra o lograr é a de semellar opinión. A esperanza histórica amóstranos que cando un povo sabe o que quer e por qué o quer por pequeno e débil que apareza frente ó seu opresor sempre máis tarde ou mais cedo conquire o seu ouxetivo. O día que o país galego teña axeitado desenrollo do seu senso de comunidade haberá percorrido un longo treito encol do recoñecemento das suas liberdades e direitos nacionais.

BIEITO CUPEIRO

(Sigue en pág. 2)

# REVOLDANIA

O CENTRO GALEGO de Bos Aires celebrou este ano de 1970, unhas magnificas Xornadas Patrióticas co gallo do Dia Nacional de Galiza, que concitou a presencia enfervorizada da colectividade.

24 actos de presencia plea de Galiza, realizados no percorrer das Xornadas Patrióticas: Homaxes a Rosalía, Castejao... Concertos de Música Galega; Exposiciones de Pintura e do Libro Galego Antigo; Audiciones Radiais e mensaxe por Radio Nacional, do presidente da institución á colectividade co gallo do Dia Nacional de Galiza; Misa en galego; conferencias e Función de Gala no Teatro Colón, etc.... falan da bondade da xerarquía e o fervor patriótico que animou os seus orgaizadores.

--:oOo:--

E FALEMOS DA FUNCION de Gala do Teatro Colón...

Unha sá plea, ateigada de público, foi o marco esplendido no que se realizou a Gran Función de Gala conque o Centro Galego e a colectividade deron cumio ó Dia Nacional de Galiza.

A execución do Hino Nacional Galego pola orquesta do coliseu e o coro Lagun Onak, baixo a dirección do mestre Manfredi Argento, enfervorizou ó público...

Foron intres inesquecibles pola grandeza emotiva da nosa Canción Patria.

--:oOo:--

E REFERIDO O NOSO HINO, o programa da función rezaba así:

Himno Nacional Argentino.

Himno Gallego.

Preguntamos: ¿por qué Hino Galego a secas...?

Fagamos historia: Dende que o Centro Galego de Bos Aires tomou ó seu cárcero (coa total adhesión da colectividade) a realización das Xornadas Patrióticas Galegas, o noso Hino aparecía timidamente nos programas beira do Hino Arxentino, como "Himno ós Pinos", de Edoardo Pondal, e música de Pascual Veiga...

Co tempo, foi evolucionando moi devagaríño... con avances e retrocesos... até chegar a Hino Galego...

Agora ben: Se consideramos que Galiza constitui un Povo diferenzado, unha Nación e, por cuios ideais de liberdade nacional loitamos, xusto é enxerguer, que o seu Hino — mesmo a sua bandeira — é nacional en función de sere Galiza unha Nación.

Estamos...?

--:oOo:--

EN OSEDO, lugar sitoado a meio camiño entre A Coruña e Sada, tivo lugar a inauguración do "Museu Carlos Maside" baixo o padroado do Laboratorio de Formas e Cerámicas do Castro.

Tenzoan os orgaizadores deste museu, reuniren obras de arte contemporáneo e mesmo, documentación dada en relación ós artistas galegos de século XIX.

Digamos que a idea dos orgaizadores supón unha formal promesa de encher un sensíbel valeiro no panorama museístico do noso país.

O acto, que se levou a cabo nun dendo marco de digna galeguidez, foi sensiblemente mancado pola nota discordante dada por Rafael Dieste, cuia perorata en língua castelán caeu como unha xerra dauga xiada ante a numerosa currenza...

A nós, certamente, nonos estrana o feito... Rafael Dieste (pesa ós seus valedores, que algún ten, o de mérito) é un intelectual hespñol ó servizo da cultura colonialista na nosa Terra... que ten no seu haber, un pecado de xuventude, mellor dito, dou: unha fermosa obra de teatro, e un libro de contos, ambos os dous en galego.

E non voltou *pecar* más...

--:oOo:--

POR ESTAS DATAS, andou por Bos Aires con gran sucesso, o cantante catalán Joan Manuel Serrat.

Foi unha das grandes atraccións neste Bos Aires multitudinario e cosmopolita.

En rigor á verdade. Joan Manuel Serrat é un segrel dos tempos modernos quén, nutrindo da poesía de Manuel Machado e da sua propia, en língua catalana, botouse polos camiños do mundo pra guindar á xuventude un mensaxe de esperanza, fraternidade e beleza.

Pro o máis notábel deste mozo catalán é xustamente o seu catalanismo, a sua ubicación dentro dun afervoado sentimento colectivo de Patria que se mantén esperanzado, con dignidade...

Daí, xustamente, o tratamento con que o distinguíu a prensa, a radio e a televisión deste país:

"Joan Manuel Serrat, cantor catalán..."

Entrevistado por "Gente", revista porteña, axiña xurdíu a prenta:

— "Por qué JOAN e non JUAN?"

— "Pois olle vosté. Eiquí, aparentemente, non ten importancia porque estamos fóra de Hespaña..."

— "Alá hai catro culturas ben definidas... Eu defendeo a unha delas que ben se identifica con o JOAN..."

— "Antre elas — catalana, vasca, galega e castelán — non hai igualdade de oportunidades, e iso débese a que a balanza está desequilibrada..."

— "Eu son catalán, primeiro, porque sun nado ali, en Cataluña... E segundo, porque o vivín... Porque é o meu..."

Así é o segrel catalán Joan Manuel Serrat.

--:oOo:--

**CASO INSOLITO** — ¿insólito...? — o do novo bispo da

diocese Tui-Vigo, Monseñor Delicado Baeza, natural de Albacete (Murcia) terra de fala castelán.

Non ben foi nomeado tidoar da referida diocese — fai menos dun ano — o primeiro que fixo foi percorrer o seu territorio eclesiástico coa teima manifesta de escuchar persoalmente as suas necesidades e peculiaridades... E a primeira determinación que tomou este digno príncipe da igrexa foi a seguinte:

"A sortir deste intre, poreime a estudar o idioma do país, que é a língua natural dos galegos e coa que se teñen de comunicaren con Deus..."

E dito e feito: Ainda non decorreran sete meses do proximo encol do noso idioma, cando o 1º de maio derradeiro, axudado por catro cregos oficiou Misa en língua galega na catedral de Vigo.

Foi unha Misa Cantada, na que tomou parte o Grupo Mixto de Traballadores de Santa Cristina de Lavadores, e todo un acontecemento relixoso co templo ateigado de fieis.

Qué exemplo o deste pastor estranxeiro prós más dos cregos galegos, "prófugos do sacho"... secularmente traidores a Galiza e ó seu povo...!

--:oOo:--

NO DOMESTICO AMBIENTE DIPLOMATICO franquista de Bos Aires o desleigado *galeguíño* Braulio Diaz Sal é coñecido polo "garimoso" nome de Bola de Sebo...

Co gallo de celebraren a festividades de Santiago Mata-mouros, Patrón das Hespñas e inda máis... o franquismo oficial festexouno cunha cuchipanda de callos "a la madrileña" na Casa de Galicia, e ós postres, o embaixador mandouse un solemne espiche: "...ren de disputas políticas nin diferenças entre nós (os franquistas). Todo o noso esforzo ha ser a prol de engrandescimento deste país i Hespaña..."

Asegurado, o Braulío, coa teima de quedar ben co seu amo (o embaixador) acusou abertamente á Directiva da Santa Casa, por se aderir ó homaxe que a colectividade galega lle rendeu a Rosalía no pórtico de entrada ó Centro Galego, pousando ademáis, unha oferenda floral coas cores galegas, refugando a bandeira franquista...

E acusou de *traición ó franquismo*, ós homes de Celta por andaren en amaos e claudicacións coas agrupacións que gobiernan o Centro Galego...

Un berro unánime de: A calar! Afóra, Bola de Sebo...! Criado...! O traidor és ti, desleigado...! Foi a resposta al ritada dos presentes.

O clima tornouse mesto, moi mesto... polo cal, o señor embaixador, sen dare chio, amosando certa presa, fixo mutis polo foro...

LOURENZO FRAGOSO

## FALECEU D. MANOEL PUENTE

Cô falecemento de D. Manoel Puente, acaescido nesta capital o dia 24 do pasado mes de Marzo, desapareceu unha figura de outa representatividade no noso mundo colectivo da emigración, teido lo producido unha pena moi fonda en todos os meios de latexo galeguista, tanto de dentro da Terra como de fora dela.

O apagamento da vida deste nobre compatriano, supuxo unha grande perda para o noso quefacer nacional en prol da patria galega, de longo asoballada, á que ele serviu e honrou con xurdias atividades e amplas xenerosidade.

Dende que cofiecerá ao inrente Castelao, na sua chegada a Bós Aires, viven en apertada amizade a carón dele, e entrexúense por inteiro á causa de Galiza, á causa das liberdades de sua patria, adicándolle os seus mellores folgos e a sua más rexia vontade en proveitosas angueiras, con desprendimentos pecuniarios que deron a suma dunha obra trascendente, unha obra, sobretodo cultural, de avultado prestixio e graúa eisaltacion, a que deixou oferendas.

Irmandise Escolleu Novas Autoridades

O pasado dia 3 de xuño, a Irmandade Galega realizou Asamblea Xeral de afiliados co gallo de escollear novas autoridades ficando constituída a nova Xunta Directiva do xeito que segue:

Presidente: Manoel Martínez Lamela; Vicepresidente: Bieito Cupeiro; Segredario: Xoán Antón Carballo; Prosegredario: Xavier Nogueira Núñez; Tesoureiro: Xosé Antón Ríos; Protesoureiro: An-

rendada á sua patria, e que a historia terá de lembrar con louvores para a sua figura emigrante. Unha figura emigrante que soube ser fidel á sua casta e aos ancestrais de liberdade do seu povo, do que tivera que fuxir en tenra mocedade, ao igual que tantos milleiros de irmaños, en percura de mellores condicions de vida, privados de a ter no propio chau, a consecuencia do asoballo e inxusticias dos poderes alleos que governan a Galiza durante sexilos.

Sexan estas liñas como oferenda de recoñecemento de Irmandade Galega ao desaparecido irmán, quen seguirá vivendo na lebranza como merecen os "bóis e xenerosos".

## A Agrupación "A TERRA" Escolleu Novas Autoridades

A prestixosa Agrupación pro Centro Galego "A TERRA" en xuntanza xeral ordinaria celebrada o dia 24 de abril e presidida polo presidente saínte, Sr. Manoel Fernández López, escolleu novas autoridades ficando constituída a nova Xunta Directiva do xeito que segue:

Presidente: Manoel Martínez Lamela; Vicepresidente: Bieito Cupeiro; Segredario: Xoán Antón Carballo; Prosegredario: Xavier Nogueira Núñez; Tesoureiro: Xosé Antón Ríos; Protesoureiro: An-

### A DATA HISTORICA DO 28 DE XUNIO

O se cumplir o derradeiro 28 de xuño o 34 cabodano do Plebiscito do Estatuto Galego, no que o noso povo votou unánime o reclamo de autonomía para Galiza, os galegos libres manifestámonos plenamente identificados con aquela gloriosa xornada cívica e refirmamos os lexitimos dereitos da nosa patria xa non a unha sinxela autonomía que non satisfaz as xustas aspiracións do povo galego, senón o pleo reconeñemento do direito de autodeterminación que a Galiza se lle debe como nación asoballada polo España colonialista.

## RENDEUSE

## HOMAXE

## A LOIS ARES

Ao se cumprir o segundo aniversario da morte do benquerido irmán Lois Ares, a Asociación do Personal Xerárquico de Centro Galego, rendelle un homaxe de lembranza á súa esgrevia figura, o dia 19 do pasado mes de Xuño, no salón da biblioteca da institución onde ele ocupou durante moito tempo o posto de bibliotecario.

Encetou o acto, en nome do Centro Galego, o membre da Comisión de Cultura señor Alfonso Souto, facendo unha sentida evocación e sinalando os grandes méritos da personalidade de Lois Ares, como así tamén sinalou o seu eficaz labor no desempeño do seu cárcago co que soupe cumplir unha acción ponderábel en prol dos ideais patrióticos galegos.

Despois falou o presidente da entidade organizadora señor Xosé L. Pérez quén tamén expresou de louvanza para a figura do irmán desaparecido.

Por derradeiro, o presidente do Centro Galego, señor Alfonso Reboreda, procedeu a descubrir un retrato de Lois Ares colocado no mesmo local.

Unha ampla e representativa concurrencia axudeu a tornar lucido este acto de homaxe ao noso inesquecible irmán Lois Ares, no que se acháron presentes a súa dona e as súas filhas, as que ao final foron moi atentamente saudadas.

## A.B.C: de CORCUBION TEN NOVAS AUTORIDADES

A.B.C. de Coreubión moritoria entidade da nosa colectividade renovou as súas autoridades.

Dacordo á distribución de círculos a nova Comisión Directiva que gobernará a entidade noua constituída dese xeito:

Presidente: Manoel Pérez Mafraño; Vicepresidente: Manoel Baño; Segredario: Alfredo Suárez Mira; Prosegredario: Xesús Suárez Trigo; Tesoureiro: Alfredo Silvaredonda; Protesoureiro: Manoel Lemos Leis; Segredario de Actas: Manoel Cabarcos; Contador: Manoel Montero; Procontador: Delfino Sánchez Guzmán; Bibliotecario: Anacleto Pérez; Vocáis Tidoares: Xosé Graíño, Vicente Azcárate, Xoán Patiño, Hugo Greco, Xaime Arán e Xesús Silvarredonda. Comisión Revisora de Contas: Ricardo Monteiro, Emiliano Santamaría, Ramón Romero, Manoel Suárez Trigo e Xervasio Paz Lestón.

Degorámoslle as novas autoridades desta prestixosa entidade galega os maiores acertos na súa xestión de goberno.

## A Agrupación "A TERRA"

## Escolleu Novas Autoridades

tón Sarandes; Segredario de Actas: Carlos Campos Ordóñez; Prosegredario de Actas: Paulino Rivadulla; Vocáis: Antón Gómez, Elías Fernández, Guillermo Maquieira, Xosé Rivera, Emiliano Núñez, Xoán Asorey e Xosé Buján Abeledo. Revisores de Contas: Xosé Humberto Azón, Antón Castro Camona e Manoel Lois Fernández.

Cos nosos prácemes ás novas autoridades desta prestixosa agrupación, o degaro dos maiores acertos na súa xestión de goberno.

## O SENADO DO URUGUAY

(Ven da páx. 1)

quén son vitimas destas trepillas na Hespaña, ou en calisquer parte do mundo.

Senadores presentes: Zelmar Michelini (presidente), de Brum Carabal, Durán Rubio, Echegoyen, Ferrandis, Ferreira Aldunate, Hierro Gambardella, Passadura, Paz Aguirre, Panadés, Rodríguez Camusse, Vaseconcellos, Madrid, Zorrilla de San Martín, Rodríguez Camusse, Vaseconcellos,

E importante pór de noto que os senadores que verqueron as suas opiniões pertencentes a distíndidas ideoloxías e, por suposto, partidos políticos.

# A GALIZA EMIGRADA FESTEXOU AS XORNADAS PATRIÓTICAS

Coa chegada e presentación ás diversas comisións que integran o Centro Galego, dos invitados especiais vindos da Terra co gallo de participaren nos festexos do Día Nacional de Galiza, señores Basilio Losada Castro e Xoán Naya Pérez, a Xunta Directiva declarou solememente inauguradas as Xornadas Patrióticas Galegas.

A presentación dos señores Losada Castro e Naya Pérez, foi feita polo presidente da entidade, señor Alfonso Reboreda quen puxo de nota os méritos intelectuais e patrióticos dos devanditos invitados.

Contestaron ambos, pondo de releu canto debía Galiza á colectividade galega de Bos Aires, que soupo en intres de dramático silencio pra nosa patria, interpretar o momento histórico e, dárese xenerosamente co seu apoio moral e material aprol da causa galega, polos vieiros da cultura e da acción político-patriótica.

O señor Bieito Cupeiro, membro da Comisión de Cultura da institución fixo a presentación do disertante cunha magnífica peza oratoria.

## CONFERENCIA DE B. LOSADA CASTRO

O dia 21 de xullo, ás 18 horas, no salón Castelao deu a sua anunciada conferencia encol do tema "Problemas socio-culturais de Galicia de Hoxe" o cadeirá-dego Basilio Losada Castro.

Encetou a sua conferencia, sinalando que a problemática socio-cultural de Galiza apresenta unha complexidade moi característica e uns caracteres singulares que fan dela un tema de meditación i estudo dabondo interesante no terreo da socioloxía lingüística. Sinalou, que a lingua galega leva cincocentos anos —alonxada do ensino e da vida administrativa e que, nembargantes, atopámosnos co feito de que o povo mantivese fidel á sua expresión propia, nun milagre de instintiva fidelidade, en condicións que borraron do panorama das culturas a outras lingüas ilustres do Océano Atlántico e, condonaron a outras a unha vida lúgubre, con escasas posibilidades de supervivencia. O longo destes cinco séculos, o povo galego mantivo a sua voz, a tradición medieval esmorecida de nantadas da invención de imprensa, perdurou nas formas da poesía e da narrativa popular até o renacemento romántico. Pasou aseguido o conferenciante a resumir as condicións nas que se desenvolveu hoxe a actividade de Galiza. Segundo a teoría resposta polo economista e sociólogo Valentín Paz Andrade, espón que Galiza non é un país bilíngue, senón un país cunha cultura allea superposta; un país no que conviven conflitivamente duas culturas: unha delas, arraigada no máis íntimo da alma de Galiza, exprésase en galego; sobr dela, a castelanización das ciudades, imposta por cincocentos anos de asoballamento cultural crea unha serie de situacións de conflito que se convertean nun complexo de inferioridade cultural dos galegos falantes. Nembargantes, esta problemática trocou sustancialmente nos derradeiros anos. O fenómeno —encetado co movimento romántico do século XIX— de restauración cultural de Galiza, acelerouse derradeiramente despois do trauma da guerra e o silencio imposto á cultura galega dende 1939 até 1950, impoñéndose que ainda sustancialmente perdura... Vencendo toda clase de dificultades, as novas promocións de posguerra, entroncan coa acción dos intelectuais galegos que realizaron o mellor da súa obra denantes de guerra civil e os que desde o exilio, mantiveron a voz de Galiza na xeira de silencio, parte dos cuais, radicados en Bos Aires, desenvolvieron atividade notabilísima que permitiu a continuidade cultural de Galiza nos anos de máis difícilidade. Recobrado o prestixio da lingua a nivel intelectual e universitario, e mantida ésta nas masas campesiñas do país — que supoñen un 75% da povoación total — o problema fundamental é hoxe posibilitar o contacío entre esta cultura de raigaña universitaria perfeita de vocación popular, e o povo, que é auténtico destinatario. Este contacío que suporá un intercambio fecundante prá obra do intelectual, abrindo a súa obra á vida real e inmediata do país, só se poderá faguer contando con unha escola galega. Non só galega pola lingua en que se imparte o ensino sinón pola súa vinculación auténtica á realidade de Galiza. A recente lei de Educación que recofee por primeira vez, a existencia de problema das linguas vernáculas na España,

ainda sendo como é insatisfactoria, abre unha posibilidade de diálogo co poder central con vistas a resolver a marxinación cultural de esta masa que supón o 75 por cento da povoación total de Galiza. Hal que sortir, nembargantes dun feito clave: unha parte da Galiza — da Galiurbán — é de expresión castelán e en ningún caso débese pretender a marxinación desta minoría castelán falante. O pon-

## HOMAXE A ROSALIA CASTRO

Con moito público presente e autoridades das diversas entidades da colectividade, deu comezo o tradicional acto, coa posta de oferendas florais perante a estatua de Rosalía existente no portico de entrada do Centro Galego.

Aseguido o señor Xoán Naya Pérez pronunciou unhas emotivas verbas encol da personalidade de Rosalía, comenzando así o seu discurso:

Irmáns galegos:

Non hai día do ano que nos poña mais perto uns dos outros que este de hoxe, o Día da Galiza, que pra este mester escolleron os nosos devaneiros. Emporiso, natural é que nestas conmemoracións o egrexio nome de Rosalía Castro soe con acentos más fortes e más enxeberes, porque ela simboliza todo o que a Patria Galega significa.

En más dunha ocasión téneme dito estudiosos estranxeiros cos que teño relación pola miña profesión, que cando sentian falar de Galiza ou vian o seu nome en letras de molde, asociábanlo de contado ó doce e garimoso da autora de "Follas Novas" ou a inversa, cando ouvían falar de Rosalía, relacionaban este nome co noso país. E pois esta, unha símbiosis que perdurara polos séculos dos séculos, naméntras haxa no mundo xentes con sensibilidade, sexa como sexa a súa nacionalidade, a súa relixión e cor da súa pele.

Findadas as verbas do orador ocupou o micrófono Basilio Losada Castro quén lembrou a Rosalía coa seguinte oración:

Rosalía, a voz de Galiza. Trala cinco séculos de silencio, Galiza recobra a súa voz na voz de Rosalía. Trala cinco séculos de asoballamento o noso vello país cobra conciencia da súa frustración

## HOMAXE A CASTELAO

Coa presencia das autoridades do Centro Galego, Consello de Galiza, Irmadade Galega, Centro provincials e Agrupacións, no lugar o dia 26 ás 10 horas, o homaxe a Castelao, axeitado dentro do programa das Xornadas Patrióticas Galegas 1970. Atopábase presentes na praza Castelao, e fagundo garda á praza que leva o nome do ilustre político galego, unha delegación do corpo de enfermeiras da institución con abandeadura. Encetouse o aito coa colocación das oferendas florais.

Aseguido o señor Basilio Losada Castro pronunciou a seguinte oración:

Irmáns galegos:

Nada vos pode decir encol de Castelao que vos, que compartedes os seus ancellos e o seu esforzo, non seipades. Eiqui o tedes. Eiqui está o seu nome Honrado en terra allea. Honradecen terra allea cando ainda non pode selo na nosa. Eu son un home que non coñeceu a Castelao. Un home galego que na súa mocedad, illado, percurriendo unha

to de equilibrio ten de ser establecido cunha valoración axeitada de todos os datos — datos que esixirán un estudo demorado de tipo estadístico ó xeito do realizado recentemente polo Dr. Baldia, cadeirá-dego da Universidade de Barcelona, encol do pluralismo lingüístico na capital de Cataluña, e sobr de todo cunha auténtica vontade de convivencia e de respeito mutuo.

Galiza hoxe vive un interdeciso da súa historia. Os medios modernos de comunicación de masas poiden lograr nun prazo de dúas xeracións o que non conquiariu en cinco séculos de política centralista de marxinación da Galiza. Unha escola galega pode ser o elemento que salve a súa colectividade e que permita que Galiza continúe aportando ó mundo o mellor da súa peculiaridade, arrequecéndose e arrequecedo a diversidade lingüística e cultural que é a característica que define a eterna xuventude da Europa. Se Galiza perde a súa voz, se perde esta derradeira oportunidade histórica. Galiza será unha mera presenza mineral non fecundada polo espírito. Perante esta encrucillada, a posición de todos os galegos, intelectuais e non intelectuais, debe ser clara e taxante. A loita pola escola galega é unha esixencia dos tempos. Unha esixencia para todos os galegos.

prantexaban problemas, que dibuxaban unha fórmula nobre de concordia e comprensión cando él mesmo sentía achegarse paixón a morte do exilio, a morte da inxustiza e do aldraxo. Esa España de Castelao, é a nosa España, conxunto de povos ceibes irmados no respeto, esquecidos de odios e incomprendición. Esa é a nosa España. Pouco —nada en realidade— podo deciros a vós, veños loitadores forzados na dureza e temosía do combate cando ainda eu non nascera. Soio unha cousa cecáis: reafirmar acó, públicamente a miña convicción que é a de todos os galegos asomados á consciencia da patria nos anos de duro e imposto silencio, a miña convicción digo, de que o vixente, de cheo, con solucionáis válidas para os nosos problemas, con respuestas axeitadas ás nosas custións más urxentes. O esforzo de Castelao no seu exilio, non foi valdeiro, pois deus a imaxe cabal da patria galega, a imaxe reconstruída que os homes —daquela case nunca— da xeración do silencio percurrábamos en reviravoltas estériles, en folclorismos valdeiros, en esteticismos trasnoitados. Castelao deus a imaxe visión política de Galiza, é decir, un prantexamento con solucionáis. Pero non foi iso só. Castelao deus algo moi máis veloso ainda: a imaxe da súa exemplariedade, do seu patriotismo sen mácula. Unha

exemplariedade e un patriotismo sostido e probado afrontando a inxustiza e a asaíada erneidade. Un feixe de cualidades morais que pra nós (daquela homes de dazaoito anos botados á percurra anguiada da patria que nos negaban) tiña tanto valor como a súa obra escrita. Cando tantos esmorecían e dubidaban; cando tantos se sentían aferrolados polo medo, a canseira ou a desesperanza, Castelao mantivo erguelto o fogo sagro, mantivo o menaxe. Pra os que adivinábamos a súa existencia. Algún dia ha tornar Castelao á Patria. Locera daquela cara o ceo a nosa bandeira branca e azul. Unha bandeira que foi sempre un mensaxe de paz. A bandeira da patria sofrinte que cobriu o seu sartego. Bandeira que xamás encoñrou imperialismos nin cruidades, que non ambiciona nada, e sen lembranzas de asoballamento para ningúen. Na España que aneiamos —aberta a todas as comprensións— a Galiza que aneiamos. Feita por nós, co noso esforzo e co exemplo de Castelao. Unha Galiza ceibe e moza, ergueita e vibradeira, na que a Liberdade non sexa somentes unha arela. Unha Galiza ceibe na España que amamos e non vemos. Será a Galiza de Castelao. Construída é nosa obriga. E se non o facemos que caia riba de nós a maldición dos bós e xenerosos; a vos maldición.

## MENSAXE OS GALEGOS

Co gallo de se celebrar o 25 de Xullo, Dia Nacional de Galiza, o presidente do Centro Galego, señor Alfonso Reboreda, en nome da Xunta Directiva, dirixiu un mensaxe por Radio Nacional, ós galegos emigrados neste país e ó povo arxentino.

Dixo o seguinte:

"Fai un año, tocouno lér un mensaxe dirixido á colectividade galega e ós nosos amigos arxentinos, no cal espresaba a miña fe de que o ano por vir aportase á miña amada Galiza novas solucionáis ós problemas que debe no seu aspeito cultural i económico.

O Centro Galego de Bos Aires apesares de ser unha entidade civil arxentina fundada por galegos, non pode permanecer alleo ó boligar dos problemas que no interior viven os nosos irmáns. Pra elo, na nosa esfera de acción facemos tanto é posible por erguer a xerarquia da nosa Terra, co cal honramos á nosa patria de adopción, conscientes de que así a emigración de Bos Aires se convierte nun estímulo permanente pra outras entidades emigradas e, pra os que no interior se agrupan nas numerosas institucións de todo tipo que tanto ben realizan en favor da cultura galega.

O Centro Galego de Bos Aires leva feito un extraordinario esforzo pra que diversos certames amosaren a prestancia e xerarquia do noso acervo cultural. Temos convocado a un Concurso Literario pra Novela en Idioma Galego, doutado coa cifra máis xenerosa de que hai lembranza nos anais da nosa literatura; en adhesión ó Día das Letras Galegas convocouse a un Certame xornalístico que foi gañado pola emblemática escritora Victoria Armento en lembranza do sesquicentenario do nacemento da ilus-

tre pensadora galega Concepción Arenal e outro fotográfico que nos permitiu apresentar a riqueza temática de Galiza nesta especialidade e cuia exposición realizada na nosa sé, mereceu as más vivas louvanzas de todos os cantes que concurredron a visitar a mostra.

Todos os premios gañados están satisfeitos. A traves do Academia Galega entrábel entidade que tanto fai pola cultura de Galiza, os trunfadores dese certame souperon da responsabilidade con que o Centro Galego encara esta serie de actos que fan ó conocemento real dunha Galiza nova.

Se no campo da cultura podemos engadir novos matices que agrandan a obra realizada pola institución, no campo da mutualidade o labor tamén foi fecundo percurriendo manter o dia os nosos servizos sociais mediante a incorporación de todos os elementos posibles i estudiando en profundidade solucionáis axeitadas ó problema da capacidade habitacional do Sanatorio que trouxo como consecuencia un proxecto destinado a construir unha ampliación que reportará un incremento de máis de diuacentas camas pra atender unha demanda crecente de internacións que nos permitirá aumentar a masa societaria do Centro Galego.

Superadas as dificultades de tipo financeiro atrasadas; sentadas as bases de traballo futuros, neste Día Nacional de Galiza, fago chegar ós nosos asociados, colectividade galega e povo arxentino, as expresións da maior gratitud por todas as mostras de adhesión tidas a carón da Xunta Directiva do Centro Galego, ó mesmo tempo que formuloo os máis sinceros degoiros pola crecente irmandade dos povos galego e arxentino.

## XORNADAS GALEGAS DE XERARQUIA

Durante a segunda quincena do mes de Xullo de cada ano, as páxinas dos xornales porteiros recollen os ecos que producen as Xornadas Galegas organiza das pola nosa meirande entidade representativa o Centro Galego cos adhesións de toda a colectividade. Conferencias, concertos, exposicións, atos diversos amóstran a esta cosmopolita e multitudinaria Capital a presencia viva da Galiza da súa cultura, da súa historia da súa persoalidade diferenciada, de fondo contido lírico e humano. O noso país acada de tal xeito dimensión e xerarquia polo senso e valimento das manifestacións culturais que acostuman a se organizar ano tras ano; mais compre destacar que as Xornadas Galegas derradeiramente celebradas tiveron un éxito e repercuñación superior as de outros anos non somentes polo acerto e a xerarquia dos atos programados senón pola identificación e a madureza patriótica amostradas pola Comisión de Cultura, cuia labor de aportación i-espalladamente do noso acervo cultural acada niveis nunca igualados, como da H. Xunta Directiva que é traverso dos mensaxes e discursos do Segredario Sr. Eduardo Pérez, e do Presidente, Sr. Alfonso Reboreda, deron unha nota de patriótica exaltación como non se había dado de agora o cal honra non somentes o Centro Galego senón tamén a toda a colectividade e ó país que representa mos. Os crudos e valentes coneccíos do discurso do Sr. Reboreda no aito de entrega dunha bandeira do Tercio de Galegos as autoridades navais diste país sinalando que a inapreciable aportación dos galegos á súa emancipación e ó seu progreso xeral non estaba debidamente apreciada, mereceron a total aprobación da concurrencia e a sensación de que Galiza estaba dinamente representada.

# GALIZA COLONIA DE HESPAÑA

Vai pra cinco séculos que Galiza é unha comunidade baixo a colonización do Estado Hespanhol; nembargantes, a intelectualidade galega non adequiriu unha crara noción diste feito deixa fai poucos anos. En América, a "Sociedade Nacionalista Ponal" co seu voceiro "A Fouce" sería a primeira en denunciar a colonización e a necesidade do povo galego de dare termo o secular xugo... Hoxe na Galiza, por segunda vegada, e cunha posición más crara e radical, unha chea de mozos bótanse de novo a denunciar a colonización. A UGP (Unión do Povo Galego) xurde como a vanguarda do povo traballador cara á problemática nacional e social e a súa solución: a liberación do povo galego e a creación do Estado Popular Galego.

Molte xente pode coidar que a violencia non é un risco común na relación histórica entre Hespaña e Galiza... Nembarquen, trabúcanse, pois a violencia pode ter disteriosos feitos de se manifestar. A violencia ven manifestada no ouxeto e non na forma, inda que molta vegadas o imperialismo deixe a unha banda a táctica de forma i é nise intre cando o povo pode reaxer perante a violencia de forma e feito do imperialismo coa violencia xusta e orgánizada do novo traballador. Mais pra elo, o povo traballador terá de contar cunha vanguarda organizada que o radicalice e capitalice, tras os ouxetivos reivindicativos. A vanguarda tamén ten o papel de facer desbotar o imperialismo hespanhol a táctica de forma pra ca violenza se poña de manifesto en toda a súa malnitude, e o povo a poída ollar espida.

## Manifestacións de violencia

Sendo Galiza unha colonia do Estado hespanhol, tanto económica como culturalmente, estamos relegados a un rol secundario dentro do Estado, cando non a un arreio asoballamento (o racismo) dos dereitos más enxeñes do home: cultura, educación, lingua, sanidade, relixión...

A) O carácter da dependencia é más notorio no orde económico, tanto polo feito de sermos cásque esclusivamente produtores de materia prima e enerxía (carne, madeira, minérias, electricidade, produtos alimentarios e maus de obra), polo coutado da nosa industrialización, vias de comunicación, medios de información, educación superior, etc.

O Estado hespanhol ten amosado sobrexamente, que non temia trocar o carácter da colonización da súa reserva preferida. O feito de

que non se fixese a 4ª siderurxia (sendo Galiza un gran consumidor de aceiro, hoxe importado de Hespaña), e de que as inversións sigan sendo baixismos (inversións públicas), evalúan o afirmado.

Cando o goberno hespanhol criou os "polos" de desenvolvemento, o seu intré era tan coutado, que nin tan sequer considerou a necesidade de doutar ós nosos pais dunha Facultade de Enxeñeiría, sendo iste o único xeito de que as empresas afincadas en Vigo e A Coruña tiveran no futuro un desenvolvemento que, da maia da xente do país galego, contara co medio e as necesidades.

O tempo amosou que os "polos" non contaban nin co apoio oficial que lles compría, nin ca infraestrutura que requerían. Os "polos" foron un fracaso planeado...

Favorecido pola nosa total dependencia, o Estado hespanhol (burguesía, burocracia, exército, etc.) ve mellorar a súa economía, importando materia prima a baixo preço, e vénndenos artigos manufaturados encarecidos polo transporte e falla de competencia. Na décadá que enceta, din os especialistas que Galiza ollaría medrar as diferencias de renda ca Hespaña, e por tal a súa imposibilidade de se desenvolver. Esto non fai máis que probar o acertado e real de definir a Galiza como un país colonizado, xa que, a lei económica nos di que todo país sometido ó imperialismo ve desenvolverse de xeito fiticio a sua economía (fontes produtoras de materia prima e medios de evolución disas materias), cando en verdade, o que está a suceder é o roubo descarado das riquezas naturais e o empobrecimento constante. (Infraestroutra, salario real dos traballadores, inversión na industria e educación superior).

B) A violencia na cultura, que non é menos lacerante, pro si máis avil, adquire especial malnitude nos derradeiros trinta anos polo carácter confesadamente antigalego do réxime no poder.

Tirar do prelo un libro en galego, é todo un feito memorabre pola impresionante cantidade de barreiras que se teñen de guindar... Máis non por eso os intelectuás galegos deixan de tiraren libros, xa sexa no estranxeiro ou no interior. Algunhas vegadas o ataque á nosa cultura é francamente aberto, atal o caso do escritor X. L. Méndez Ferrín que está na cadea pola súa defensa dos traballadores galegos e o seu carácter distinto.

A educación ten coma fin o alleamiento e reeducación hespanholista, ou sexa, ven sendo o

instrumento pra criar a "asimilación" dos máis febles no primeiro intre, e logo, dada a oportunidade oferida por ista cuña, do conxunto. Certamente elo é moi posíble en tanto fai a gradual incorporación da povoación ó idioma falante do asoballador, polo carácter oficial do mesmo o polo descofecimento do idioma escrito, no povo, como consecuencia da secular dependencia e das características violentas que asu-

me. En tanto os medios de comunicación son empregados co mesmo carácter alleista ollado na educación.

E referido ó clero galego foi i é, un axente de penetración incondizao do imperialismo hespanhol na nosa Terra. O oito clero galego e un amplio seitor de alleados e reacionarios do baixo clero, segue sendo fidel á tendenza entreguista. O clero xoga a dúas maus: por unha banda ten uns poucos oficios relixiosos en galego nas cidades, prós señoritos, que hoxe están en función de galeguistas de tertulia (hoxe é moda); remórdelle a algúns o teren unha historia de clase entreguista) namentres que nas aldeas, que mesmo é onde o povo fala na súa totalidade o galego, os oficios relixiosos seguen sendo en castelán, contribuindo diste xeito ó que a radio e o televexo queren rematar: o carácter disperado da nosa nación.

E pra rematar, diremos o seguinte: que en ningún intre, nin en ningún medio, detuse o asoballado asañado ó noso país polo imperialismo hespanhol.

Dende o decapitamento no 1483 do Mariscal Pardo de Cela a maus dos pra nós os galegos, maldizoados Reis Católicos, autores encetáis do asoballamento do noso país co Voto en Cortes..., erradicación da nobreza galega... e a execrabel "doma por el rigor del castigo"... até chegar o fusilamento do gran patriota galego Alexandre Bóveda no 36... ca interminable ringla de mártires "paseados" por todos os camiños de Galiza... E os que sofrén cadea e persecucións, son contas éstas que o povo galego non poderá esquecer, e que no seu dia, dun xeito ou doutro, terá de cobrar ó meseteiro imperialismo hespanhol.

Manoel da Fusquenlla

## O DIA TRABALLADOR EN GALIZA

O dia 17 de Agosto do 1936 no bosque da Caeira perto de Pontevedra morría sacrificado polo chumbo asesiño dos fusiles falangistas o Segredario Xeral do Partido Galeguista Alexandre Bóveda, un dos homes mais capaces, patriota e intelixente, daquela prometedeira xeneración xurdida nos libres para satisfacer a sua

## A DEMOCRACIA ESCARNECIDA

Coa firma que renova a vixencia do tratado ispano-Yanki por outros cinco anos que, derradeiramente levaron a cabo as autoridades representativas dos gobernos de Washington e Madrid, pécchase novamente un eslabón da cadea que agrillo ós povos hispanos por parte da dictadura feixista que ainda para vergonza do mal chamado "mundo libre" quedava na Europa occidental. Así se escrebe a Historia. En nome da democracia o governo dos E.E.U.U. Oferecele ó feixismo español axuda económica e militar e dálle carta de legitimidades perante a OTAN e outros organismos internacionais pesa ó noxo que elo causa en algunas, moi poucas, cidades europeas. Ningúnha actitude pode resultar máis escarneida e agravante pra o verdadeiro sentir democrático como a firma dun tratado semellante; porque de feito, o goberno yanki emprega o seu poderío económico e militar contra os lexitímos dereitos e xustos aneicos de liberdade dos pobos hispanos, robustecendo o aparello represivo da maior autoridade dictatorial da súa Historia. Velábi unha actitude que inda sendo moi meno espectacular pode en certo xeito compararse coa invasión de Crecoslovákia por parte do imperialismo moscovita, rival do imperialismo yanki, pero semellante no tocante de querer controlar ós países.

No Ferrol os obreiros da "Peninsular Maderera" (en folga) e a "Bazan", a pesares de ca garda tamén impedírla, acadaron facer unha demostración por algunhas ruas da cidade... As pintadas e más os panfletos foron outra das facetas que doaron ó Ferrol o carácter dunha cidade en cal os traballadores son a vanguarda...

## LEMBROUSE A PRIETO MARCOS

O dia 19 do pasado mes de Xuño, efectuouse no salón "Castelao" do Centro Galego, un acto organizado pola Irmandade Galega, en homenaxe ao músico e poeta Manoel Prieto Marcos, co gallo de se cumplir o dia 21 do mesmo mes, o 25 cabodano da súa morte, nesta capital.

En col da obra poética e musical de Prieto Marcos, pronunciou unha conferencia o poeta Emilio Pita, quén se referiu, principalmente, a "Versos en Gama de Gaita", único libro publicado, pouco antes de morrer....

"Prieto Marcos —dixo Pita— non era un versificador desbordante, autor de moitos libros esquecibles, senón que traballaba de xeito consciente repousado, a materia poética, e por iso deixou un libro, que non se esquecerá."

Citando a Paul Valery refírese á poesía poética, estudiando logo, dende unha ubicación estilística e temática o aporte orixinal e calificado de Prieto á poesía galega.

Ocupouse ademais Pita dos traballois musicais de Prieto Marcos, como armonizador e criador, e tamén da súa labour como director de masas corais, para o aspallamento da música galega.

A parte poética foi ilustrada coa leitura de poemas do lembrao artista que figuraron no seu libro "Versos en Gama de Gaita", a cárcere de Ana Marzoa e Fernando Iglesias, prestixiosos artistas que prestaron a súa valiosa colaboración, sendo longamente aplaudidos.

Por derradeiro escotáronse gravacións de música orixinal e armonizada por Prieto Marcos, &

cárgeno da coral "Terra Nosa", do Centro Ourense, dirixido polo mestre Isidro B. Maiztegui. Cada cantiga foi precedida por un comento de Ricardo Flores, quem puxo unha fonda nota emotiva ao evocar as distintas circunstancias, algunas verdadeiramente dramáticas, nas que cada páxina foi composta polo gran músico desaparecido.

En síntese: foi un auténtico acto patriótico organizado e desenvolvido con xerarquia, polo que a Irmandade ten sido felicitada.

## DIA DOS MARTIRES GALEGOS

Os dous importantes centros industriais Vigo e Ferrol, foron testigos de manifestacións obreiras organizadas polos partidos da oposición e comisións obreiras con motivo de se celebrar o Dia Dos Traballadores.

En Vigo foron espallados isa mesma mañá uns des mil panfletos... En algunhas ruas se fixeron manifestacións ca participación de obreiros... Os gardas fixeron algunas detencións.

Con motivo das detencións rexistradas en Vigo o 1º de Maio, un fato de 14 mozas se pecharon na Eirexa do Seixo pra eisixir a díberdade dos detidos.

No Ferrol os obreiros da "Peninsular Maderera" (en folga) e a "Bazan", a pesares de ca garda tamén impedírla, acadaron facer unha demostración por algunhas ruas da cidade... As pintadas e más os panfletos foron outra das facetas que doaron ó Ferrol o carácter dunha cidade en cal os traballadores son a vanguarda...

# A NOSA TERRA

Reg. Nacional de la Prop. Intel. (en trámite) — Redacción Av. BELGRANO 2186

## CRITICA DE LIBROS

### "HISTORIAS DE EMIGRANTES"

DE XOSE NEIRA VILAS

E evidente, que Xose Neira Vilas, o autor de "Historias de Emigrantes", sinte saudade de Buenos Aires... concretamente, desta Galiza emigrada multitudinaria, con imaxe propia a través das súas grandes entidades e realizacións culturais manifestadas en audicións radiais, exposicións artísticas, publicación de periódicos e revistas, concursos literarios, edicións de libros galegos, conferencias, actos políticos de afirmación democrática e nacional galega, etc.

E todo este bolígar colectivo é ourentado co pensamento posto en Galiza cara ós seus anguriosos problemas económico-sociais, culturais e políticos, gallo de seu dramático episodio masivo.

Por algo Castelao chamou a esta colectividá, A Galiza Ideal en liberdade...

Porque eiqui, temos, gozamos de absoluta liberdade de nos sentir e nos manifestar como galegos, refugando o colonialismo hespanhol; escreber, decir cousas en público, que na Terra se non poden decir nin escribir; editar libros e periódicos que na patria se non poden editar; e de refugiar públicamente o bárbaro e retrógrado feixismo hespanhol que asoballa e martiriza ó noso povo.

Nesta Galiza Ideal, neste mundo galego en liberdade onde Neira Vilas moviase esprazando, encetou a súa creación literaria (eiqui plasmou "Memorias dun neno labrego" e "Camíño bretemoso") e, dende "Follas Novas" que ele fundara, espallou,

deu novas por todo o ancho mundo da emigración e na mesma Terra, do acento galego da nosa cultura.

Desta Galiza Ideal que ele viviu, repetimos, e mesmo despois sentimento de saudade, xurdiron as súas "Historias de Emigrantes".

Dazaseis historias —narracións breves— escolmadas, detectadas no desacouante mundo da emigración encheito de frustracións, de penurias anguriosas e humillacións... Si, humillacións do home galego, en moitos casos analfabeto, ou cásque analfabeto... guindado a granel, indefenso, sen protección algúns a complexidade esmagante e inhumana da gran cidade...

A imaxe dos persoaxes que se moven nestas historias é tan auténtica, que calláns emigrante canxa, síntese nelas... Da que a comunicación autor-leitor establecese máis doadamente cos emigrantes, xa que eles, dun xeito ou doutro están mergullados no drama, son pezas do drama, da a súa autenticidade.

Porque digamos: ¿quién que ha xa emigrado de rillote se non acha identificado en "O Rapaz"?

O noso ver, "Na dársena", "Guermendo", "O barbeiro de Medrano" e "A endaina de Bernaldo" xunto con "O Rapaz", son as millores historias.

Nembargantes, entendemos que estas historias cada unha de seu, recraman unha maior estension, máis traballadas as sitacións... xa que os persoaxes e as condicións ambientais están doadamente realizados.

Editou O Padroado da Cultura Galega de Montevideo.

Manoel da Presa

## CEA PATRIOTICA DA IRMANDADE

Coa presencia das máis relevantes figuras do Movimento Nacional Galego de Buenos Aires, como xa é tradición, a Irmandade Galega organizou unha Cea Patriótica nos salóns da casal Pontevedra a noite do 24, víspera do Día Nacional Galego, co gallo de receber o dia patrio.

Este ano, a Irmandade homenxeou a un rexio loitador galeguista, o irmán Antón Gómez, e mesmo, despedilo co gallo do seu próximo viage á patria.

Na cea estivo presente unha delegación do Consello de Galiza, presidida polo señor Alonso Ríos.

Oferescou o homenaxe o presidente da Irmandade Galega, señor Ricardo Flores, quén puixou de relexu a persoalidade galega deste animoso loitador e o seu entrega total ó ideal galeguista.

Seguiulle no uso da verba o señor Bieito Cupeiro, quén nun afevado discurso, ademais de se referir á persoalidade do agasallado, encarou problemas que afectan á política galega.

Aseguido, o homenxeado, señor Antón Gómez, fondamente emocionado, agredeseo agasallo de que era ouxento, pasando logo a se referir ó seu próximo viage á Terra tan lokalemente degradado.

Como fecho final a esta emotiva xornada patriótica galega, pronunciou unhas verbas o señor Antón Alonso Ríos e, ó fio da meianoite os presentes entoaron con fonda emoción patriótica o Hino Nacional Galego.